





Sociedade Galega de Historia Natural

Delegación Local de Arousa
Apartado de Correos n.º 303
36600-VILAGARCIA de AROUSA
(Pontevedra)



Xosé Lois Rey Muñiz, en nome e representación da Delegación Local en Arousa da **SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (S.G.H.N.)** con enderezo a efectos de notificación no apartado n.º 303 de Vilagarcía de Arousa, 36600 Pontevedra.

EXPÓN:

- Que este concello pertence á Mancomunidade de Concellos do Salnés e polo tanto parte interesada no proxecto da construción dun encoro no río Umia, enriba do pobo de Caldas de Reis.

- Que sobre o particular, esta entidade ben realizado varias xestións e dado a coñecer publicamente a súa postura contraria e que novamente, por medio deste escrito, voltamos a enunciar, dado que consideramos de interese establecer unhas ideas que a ben seguro farán replantexa-la postura deste concello e a súa corporación municipal sobre a necesidade deste encoro.

- Que se ben unha das principais razóns para considerar contraproducente a construción do encoro é a medioambiental, consideramos que existen razóns económicas e sociais, como máis adiante apuntaremos, así como, hai outros medios para dispor da auga necesaria sen renunciar a ningunha necesidade básica da poboación.

1º) Os encoros alteran notablemente a paisaxe, neste caso unha das paraxes mellor conservadas da zona, cunha vexetación de ripisilva (bosque das marxes do río) madura e ben conformada, correspondente á típica dun tramo medio de río.

A construción do encoro levará aparellada a variación das especies de peixes dispoñibles para a pesca, estimando que esta se vería perxudicada, así como unha barreira para as especies migradoras que o puideran usar, caso p. ex. dos salmóns e anguías. Outras especies animais como as londras, merlo acuático, odonatos, etc. veríanse igualmente afectados.

2º) A escasez da auga en Galicia ven dado polo derroche e infraestructuras obsoletas. Recentemente no concello de Santa Uxía de Ribeira (A Coruña), citando un exemplo cercán, promulgou un bando dando nota dunha serie de medidas lóxicas encamiñadas a reduci-lo gasto de auga sen renunciar a ningunha comodidade, igualmente é destacable que cerca do 20%-30% da auga pérdese na traída (cifras globais dependendo de cada sitio) por fugas nas tubarías en malas condicións. Como referencia do derroche en España, o consumo (en 1992) per cápita (m³/Hab/ano) era de 1.174 fronte ó Europeo de 726.

3º) Medidas como o uso racional da auga, conxuntamente coa construción dalgún depósito para facer fronte a escasez puntuais, evitaría a custosa construción e mantemento dun encoro, que danaría a paisaxe e biota do río Umia. .../...

.../...

4º) Sobre o tema das riadas, (esgrimido nalgunha ocasión como motivo do encoro) antes de propor hipotéticas solucións, compre saber cales foron os cambios habidos antes das actuais riadas con respecto a hoxe, posto que se antes as riadas eran menores, existirá algún cambio que se deberá tratar de corrixir para minimiza-los seus efectos sen necesidade de encoros.

5º) Debemos ter en conta que as augas do río Umia baixan con certa carga de contaminación, que é parcialmente depurada polo río mediante a filtración das plantas e outros organismos, pero esta depuración natural veríase mermada co estancamento producido polo encoro.

6º) A S.G.H.N. estima que os cartos que custaría este encoro estarían mellor empregados na difusión de normas elementais de aforro de auga, reparación e modernización de traídas, depósitos e depuración dos verquidos para incrementa-la calidade da auga.

7º) Sorprende ler nos medios de comunicación o apoio desta Mancomunidade de Concellos a un proxecto de construción dun campo de golf. Sen que esta entidade estea a priori en contra deste tipo de proxectos, resultan cun desmesurado consumo de auga. Un campo de Golf de 18 buratos consume o equivalente a unha poboación de 8.600 habitantes, polo que non resulta serio un plantexamento destas características xunto coa escasez de auga.

8º) O caudal medio do Umia en agosto é de 1.710 litros segundo, sendo unha cifra moi axustada ás propias esixencias biolóxicas do río e que unha redución alteraría a vida das especies animais e vexetais relacionados co río.

SOLICITA:

- Que se teñan en conta as propostas realizadas a evita-la construción do citado encoro.


- Que se encete unha campaña continua e non só no vran, (cando aparece o problema da falla de auga) sobre medidas de uso racional de auga.

- Que se realicen os estudos necesarios para determina-las posibilidades de construír depósitos de auga que garanten o subministro permanente á poboación.

- Que se nos comunique todas aquelas resolucións que tome este concello con respecto a este tema.

Vilagarcía de Arousa a 19 de outubro de 1995.

O Delegado de SGHN-Arousa.



Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz.

